



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. Cl.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100
Rúa Arcaí, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

SUMARIO

Trámite de consulta pública previa da Ordenanza Municipal reguladora do prezo público pola prestación de servizos educativos e formativos na Aula Mentor do Concello de Val do Dubra.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establecerá o prezo público pola prestación dos servizos educativos e formativos da Aula Mentor de Val do Dubra, prezo que se substanciará a consulta pública, a través do portal web da administración competente, en que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

| | |
|---|--|
| Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa | Dar cobertura legal aos prezos públicos que poden aplicarse de conformidade co disposto no artigo 44 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, pola prestación de servizos educativos e formativos na Aula Mentor do Concello de Val do Dubra. |
| Necesidade e Oportunidade da súa aprobación | Dar cobertura ao convenio de colaboración suscrito o 15 de setembro de 2021 que o Concello de Val do Dubra concertou co Ministerio de Educación e Formación Profesional para a |



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100
Rúa Arcaí, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

| | |
|--|---|
| | <p>xestión dos servizos formativos da plataforma de ensinanza non regrada online da Aula Mentor. O dito convenio é accesible á cidadanía na Resolución do 22 de setembro de 2021, publicada no BOE número 232, do 28 de setembro de 2021.</p> |
| Obxectivos da norma | <p>Establecer os prezos públicos aplicables, os cales virán determinados pola cláusula terceira do convenio (<i>Formalizar o ingreso en tesourería do Concello de Val do Dubra dos pagos por matrícula correspondentes ao alumnado da Aula Mentor. A cantidade mínima establecida co Concello de Val do Dubra ascenderá a 504 euros e un máximo de 48.000 euros, ingresados no presuposto do Concello de Val do Dubra nas aplicacións orzamentarias 31201</i>).</p> |
| Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias | <p>De conformidade co previsto no artigo 47 do TRLRHL, a aprobación dos prezos públicos corresponde ao Pleno. Tales acordos deben ser publicados no BOP para producir os seus efectos polo que, en aras a regular os distintos aspectos de xestión de ditos ingresos públicos optouse pola aprobación de ordenanzas reguladoras, que non teñen o carácter de fiscais.</p> |

En consecuencia este concello considera necesario aprobar unha ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos educativos e formativos na Aula Mentor.

Documento asinado electronicamente polo alcalde José Manuel Varela Ferreiro, en Val do Dubra.